

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 07-08

1. A min, a verdade, gustoume moito o libro de contos por palabras, o que máis me gustou foi o que trataba sobre Spiderman ,que limpaba as ventás, porque me parece moi interesante que Spiderman deixe o seu mítico traballo de superheroe e se dedique a limpar ventás nunha empresa de limpeza (**Jacobo**)

2. A min a libro esta gustándome. Hai algunhas cousas que son un pouco de nenos pequenos, pero o libro está moi entretido. Agora estou moi impaciente por saber que vai pasar no seguinte capítulo, o malo é que só lemos un día á semana. O libro demostra que nun xornal podes encontrar ofertas de traballos moi útiles. Tamén me gusta porque hai personaxes fantásticos e mitolóxicos como Spiderman e un unicornio e vampiro,etc. Epero que nos seguintes cursos tamén haxa que ler estes libros tan bonitos e interesantes. A min a capítulo que máis me gustou foi tamén o de Spiderman aínda que fose un pouquiño irreal, pero ben. (**Diego**)

3. Ola!pois como dixeron os meus compañeiros, o libro "Contos por palabras"está moi ben, a min particularmente o que mais me gustou foi VANESA E O ANUNCIO DE TELEVISION.É un libro moi entretido do que se pode aprender moito e ademais pasalo moi ben con cada unha das aventuras.Recoméndollo a todos os rapaces da miña idade (**Lorena**)

4. O libro 'Contos por palabras" está moi interesante que merece toda a atención do que o le. Tamén me parece que está ao perfecto nivel para estudantes como os de 1ºeso. Xa dixen que é moi interesante, pero saen historias que xa aparecen noutros libros ¿É que a ninguén se lle ocorren historias orixinais? Aínda así é moi divertido. Así que a miña opinión do libro (o que levamos dado) é: O libro é moi interesante, pero tamén un pouco aburrido. (**Yago**)

5. Ola! o libro está moi ben e aconsello que o leades, a min o que máis me gustou foi o de O estraño empregado. Hai algunhas partes infantís pero son pasables. Aínda que o mellor é que se le en clase e non na casa. Espero que vos guste. (**Pablo**)

6. O libro que estamos a ler en clase, *Contos por palabras*, encóntroo divertido porque hai algunhas historias moi graciosas e con pouco sentido; por exemplo, no conto, "O caso do unicornio azul, como pode un unicornio falar cun señor dun anuncio para buscar parella? Tamén me gustou moito outra destas alouçadas historias, *Un doce emprego*, onde o protagonista quere traballar nunha bombonaría de luxo e só con pensar no chocolate xa me entra fame. En fin, que recomendo ler este libro porque creo que estas historias curtiñas son máis divertidas que unha longa. (**Pablo**)

7. Oliñas! Na clase de Galego estamos a ler *Contos por palabras*, é un conto moi bo para os da miña idade, inda que, algunhas historias son un pouco aborrecidas. A min, a que máis me gustou foi *Vanesa e o anuncio de televisión*, que conta a historietta dunha nai con "envexa" da filla dunha coñecida, xa que aparece en moitos anuncios, e que obriga a súa filla a facelo mellor ca ela. Tamén me gustou moito *Un artista do neón* que nos conta, como despediron a un traballador dunha empresa de rótulos de comercios por poñelos coma a el lle parecera, inda que tivera algo de razón. Por último quería felicitar ó autor desta obra, Agustín Fernández Paz, pola súa boa imaxinación á hora de facer contos para nós. Un saúdo. (**Clara**)

8. Ola! Este libro gustoume polo seu método de narrar as diferentes historias xa que unha ligábase coa seguinte e a anterior e así sucesivamente. O conto que máis me gustou foi o de *O caso do estraño empregado*. Nesta historia cóntase que un vampiro se fai vendedor dunha empresa de pompas fúnebres e pasa alí as noites. Aconséllovos que o leades posto que é un dos mellores libros que eu teño lido. Nunha nota do un ó dez doulle un oito pois ten partes demasiado infantís para a idade recomendada, pero polo demais moi ben, a súa lectura é moi entretida. (**Pablo**)

9. Ola!!! Quérovos falar sobre *Contos por palabras* porque é moi interesante, a min gustoume moito sobre todo "O artista de neón" porque fala de alguén que axuda á xente para que lle queden os carteis que fai mellor e o despediron só por que poñía e daba ideas sobre como o podían poñer. Tamén me gustou o conto que falaba sobre DRACULA porque estaba divertido e moi entretido e por que me gustan moito os contos de Dráculas e de medo. (**Marta**)

10. Ola! A min o libro de ``Contos por palabras`` paréceme moi divertido pola gran variedade de contos que te atopas, e, de debuxos animados moi coñecidos. ¡MOI DIVERTIDO! **(Marta)**

11. Ola! O libro de *Contos por palabras* está moi ben, de feito gustoume moito e está moi ben sobre todo para nenos da miña idade. O conto que mais me gustou foi o de "Vanessa e o anuncio de televisión", estivo moi ben: a nai quería que a súa filla fose famosa por culpa da avaricia que lle tiña a unha nena amiga da súa filla. Os demais tamén me gustaron moito pero o que máis me gustou foi ese. Ben, non teño moito máis que contarvos. Un saúdo! **(Sabela)**

12. Ola: Escribovos para falarvos sobre o conto de *Contos por palabras*. É un libro interesante e divertido, orixinal; paréceme moi curiosa a idea de onde sacou o conto, posto que non imaxinaba que se podería facer un conto a partir dun periódico, máis concretamente da parte dos anuncios por palabras. O libro merece a pena, porque ten contos sinxelos e fáciles de ler, grazas a isto é máis fácil non tentarse de ler outro (aínda que eu xa lin un de máis adiante). Estame a gustar moito e animovos a ler este conto, posto que é moi interesante. **(Javier)**

13. A min *Contos por palabras* gustoume, polo de agora. Sobre todo gustoume o conto "O estraño empregado". Trata dunha empresa que fabrica ataúdes para os pobres finados e que quere contratar a persoas para traballar. Atópanse a unha persoa moi estraña. Era de pel moi branca, dous dentes que lle sobresaen da boca, que quere que a entrevisten cando xa non hai sol e que quere pasa-la noite na fábrica. MOI SOSPEITOSO MMMMMMM. Quen será ? Algún ser estraño que ... Espero que vos guste e o recomendo, porque ten bos contos. **(Paula)**

14. Ola outra vez. Quero comentarvos un pouco máis do que vos comentei. Nós na clase xa lemos os seguintes contos: "UNHA CHAVE NON É SUFICIENTE", "O CASO DO UNICORNIO AZUL", "UN ARTISTA DO NEÓN", "VANESA E O ANUNCIO DE TELEVISIÓN", "O CASO DO ESTRAÑO EMPREGADO", "SER SUPERHEROE NON É NADA DOADO" e "UN DOCE EMPREGO". A min gustáronme todos, sobre todo algún. Eu creo que tanto para ler na casa como na clase (o estamos lendo co profe) está moi ben. Recomendo porque me pareceu entretido, divertido, etc. Este libro trata en xeral de historias que suceden cos anuncios por palabras dos xornais. Un cordial saúdo:
Paula

15. Ola, gustoume moito o libro. O conto que mais me gustou foi o de NOITES DE LUA CHEA, porque me gustan moito as historias que te teñen en ´vilo´ ata o final. Outras historias foron divertidas e outras máis aburridas, pero son todas interesantes. **(Andrea)**

16. Ola! Gústame moito este libro xa que di cousas moi divertidas e interesantes. Gústame a súa forma narrativa porque che explica o que pasa e ponche interese sobre o que pasará. A min persoalmente gustoume a historia de "NOITES DE LÚA CHEA" e "O CASO DO ESTRAÑO EMPREGO" porque me parecen moi interesantes e teñen algo diferente aos demais, aínda que os demais tamén están xenial. UN SAÚDO. **(Paula)**

17. A MIN o libro pareceume guai e está chula, sobre todo Spiderman limpando cristais nunha empresa, é imposible que deixe o seu traballo de superhoroee para limpar cristais; para el será un hobby pero dá igual. O libro gustoume moito. **(Alan Javier)**

18. O libro pareceume moi interesante, o conto que máis me gustou foi Vanessa e o anuncio de televisión porque dicía palabras divertidas como CACACHUP ou CHAMPU HURI e SALCHICHAS ÑAM-ÑAM. **(David)**

19. A min o libro non me gustou porque me gustaría que os contos por palabras tivesen final, non que quedasen a medio facer e que me fastidia moito **(Santiago)**

20. Ola! Este libro " fascinoume; a súa orixinalidade é moi peculiar, que en poucos libros podemos atopar. As diferentes historias aínda que partan todas dun anuncio pequeniño teñen unhas diferenzas moi interesantes e máxicas, posto que moitos son ficticios e iso é aínda mellor. Algúns non foron moi interesantes e tiveron un final pouco agradable pero a maioría gustáronme entre eles destacan, para min, "O caso do unicornio azul" e "O libro das infinitas historias". Non teño máis que dicir, que poucos libros son como este e que o recomendo a tódolos nen@s que queiran ler un libro. **(Verónica)**

21. ¡¡Ola!! Vouvos falar sobre o libro: "Contos por palabras". É un libro moi entretido e moi bonito; tamén é moi curioso, porque de algo tan sinxelo coma un anuncio por palabras, fanse historias moi amenas e divertidas. Aínda non o acabamos de ler na clase, e ata agora, os que máis me gustaron foron "Vanessa e o anuncio de televisión" (porque é moi divertido) e "O caso do estraño empregado" (gustoume porque ten moito suspense). Recoméndolle este libro a todo tipo de persoas, porque é sinxelo e fácil de ler. **(Marta)**

22. O libro *Contos por palabras* pareceume moi divertido en xeral, aínda que hai algunhas partes un pouco aburridas. Na miña opinión os contos máis entretidos foron o de "noites de lúa chea" (pola súa intriga) e "un máxico negocio"(pola súa fantasía). Non podería dicir que todos os contos me gustaron, pero a gran parte si. Recoméndoos este libro pola súa gran variedade de historias. Se algunha non é do teu gusto, sempre pode gustarche a seguinte. **(Andrea)**

23. Este libro é o que máis me gustou de todos os que lín este trimestre. Paréceme que o autor é moi orixinal, ó desenvolver historias curtas a partir dun anuncio por palabras. As historias son divertidas e a linguaxe é moi fácil de seguir. As que máis me gustaron foron " O libro das infinitas historias", pola posibilidade de cambiar os argumentos, e "Unha chave non é suficiente", porque o personaxe atopa a forma de conseguir a felicidade, aínda que todas me pareceron interesantes. **(María)**

24. Ola!! Téñoos que contar unha cousa: eu cando merquei este libro me imaxinei outra cousa, pensei que era só un conto, pero cando o empezamos a ler NA clase, vin que no seu interior se encontraban varios contos. Un dos que máis me gustou foi: "Vanesa e o anuncio de televisión", porque é moi divertido (aparte ese conto tocoumo ler a min,,, jeje). Tamén o conto "Unha chave non é suficiente" pareceume un conto de intriga e un pouco romántico. "Noites de lúa chea" pareceume moi intrigante. A verdade é que se me poño a describir cada un dos contos non acabaría nin mañá (porque todos os contos me gustaron, uns máis que outros; así que me despido. **(Paula)**

25. *Contos por palabras* é un libro moi interesante, que conta historias que lle pasan a diversos personaxes que teñen relación con anuncios por palabras que saen nun xornal. Este libro mestura fantasía e realidade. Por exemplo, chamoume a atención a aparición de personaxes de ficción coma Drácula, Spiderman, o Unicornio... Tamén é un libro fácil de ler porque os relatos son curtos. Gustoume moito, sobre todo, a historia do home-lobo, e a que menos, o conto da nena que se presentou a un casting para facer un anuncio de televisión. Para min é un libro moi entretido. **(Javier)**

26. O libro gustoume moito pola variedade das dez historias. Todas teñen un denominador común: empezan nun anuncio dun periódico. Os personaxes son moi distintos dende persoas ata unicornios e vampiros. **(David)**

27. Este libro gustoume moito, a forma de redactalo é moi imaxinativa e divertida, pero algunhas historietas vólvense un pouco aburridas. Unha das cousas que o fan tan gracioso e entretido é a forma de contalo, é dicir, por medio de pequenos capítulos ou historietas, todos eles relacionados cos anuncios por palabras. Este pode ser un dos factores que evita que se volva aburrido porque cada certo tempo cambia a historia. Este libro é un dos máis imaxinativos e entretidos que lín na miña vida.¡¡RECOMÉNDOO!!! **(Alfonso)**

28. Ola!! A miña opinión sobre o libro é boa, coido que é moi divertido e interesante. Gustoume, a parte de porque o líamos na clase e non na casa, porque un libro longo que trata sobre unha mesma historia é moi aburrido, pero este

libro, o de CONTOS POR PALABRAS, son diferentes historias curtas e divertidas. RECOMENDOVOS que o LEADES!!! A min gustoume moito, e iso que non me gusta ler case nada. Chao! (Aixa)